

A exposición reunirá aos mellores expoñentes da arte galega e lusa

## BEGANO E O CONCELLO DA CORUÑA ORGANIZAN A EXPOSICIÓN “SABOR E ARTE”

- A exposición reunirá 50 obras de artistas do talle de Manuel Vilariño, Xurxo Lobato, Santiago Mayo, Ignacio Basallo, Salvador Cidrás ou Vicente Blanco, quen forman parte da Colección de Arte Contemporáneo da Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña. A comisaria da exposición é Lorena del Corral.
- Dúas salas de exposicións municipais tan emblemáticas da Coruña como o Pazo de Exposicións Kiosco Alfonso e a Sala de Exposicións Municipal en PALEXCO, acollerán esta exposición que se celebrará do 30 de xuño ata o 2 de agosto.
- A iniciativa forma parte do intenso programa de actividades levado a cabo polo concesionario de Coca-Cola en Galicia para conmemorar o seu 50 aniversario. Unha botella conmemorativa, a final do Concurso Novos Talentos de Gastronomía, a final da Copa Coca-Cola de Fútbol e a edición dun libro que recolle a súa historia, son outras actividades que completaron o calendario de actividades.

**A Coruña, 30 de xuño de 2009-** Begano, o concesionario de Coca-Cola en Galicia e o Concello da Coruña inauguran hoxe a exposición “Sabor e Arte”, unha colección que reúne 50 obras de diferentes artistas galegos e portugueses da arte contemporánea dos últimos dezaseis anos.

A exposición “Sabor e Arte” que se enmarca dentro das actividades de celebración do 50 aniversario de Coca-Cola en Galicia, terá lugar na Coruña dende o 30 de xuño ata o 2 de agosto, no Pazo de Exposicións Kiosco Alfonso e o a Sala Municipal de Exposicións en Palexco. A mostra reúne obras de todos os ámbitos artísticos contemporáneos como a pintura, a escultura, o debuxo e o vídeo.

Por primeira vez, artistas galegos e lusos do talle de Manuel Vilariño, Xurxo Lobato, Santiago Mayo, Ignacio Basallo, Salvador Cidrás ou Vicente Blanco quen forman parte da Colección de Arte Contemporánea da Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña compartirán exposición. Debido ao deseño arquitectónico, a exposición de fotografía, escultura e vídeo, estará aloxada no Kiosco Alfonso, mentres que a sala Municipal en Palexco reunirá as pezas de pintura e debuxo.

### Sobre a Colección da Fundación Coca-Cola

A Colección de Arte Contemporánea da Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña é a colección privada máis importante da Arte Contemporáneo Español e Portugués.

A colección conta cun fondo de máis de 300 obras, entre pinturas, fotografías, gravados, vídeo e esculturas. Esta colección inclúe obras emblemáticas da segunda metade do século XX e novas propostas creativas de novos valores.

Desde fai máis dun ano, a Colección da Fundación Coca-Cola conta cunha comisión de asesoras de recoñecido prestixio como María Corral, Marta Gili, Cecilia Pereira e Lorena Martínez Corral.